

Acordos da Comisión Permanente correspondentes á sesión extraordinaria iniciada o 11 de xullo de 2016 e rematada o 13 de xullo de 2016

- 1.- Aprobar as modificacións puntuais dos horarios do curso académico 2016/17. Os horarios modificados atópanse na páxina web do centro.
- 2.- Aprobar as modificacións puntuais no calendario de exames de setembro da titulación de Arquitecto do curso 2015/2016 e nos calendarios de exames das titulacións de Arquitecto, Grao en Arquitectura e Grao en Estudos de Arquitectura do curso 2016/17. Os calendarios de exames modificados atópanse se na páxina web do centro.
- 3.- Aprobar as alegacións aos acordos aprobados pola Comisión para a Elaboración do Plano de Racionalización de Estruturas Académicas (CEPREA) da UDC, que se achegan.
- 4.- Realizar a nova proposta de membros para o Tribunal de Premios Extraordinarios de doutoramento do curso 2014/15.

Titulares

Presidente: Antonio Amado Lorenzo

Vogais: Enrique Blanco Lorenzo

Juan Creus Andrade

Amparo Casares Gallego

Secretaria: Patricia Sabín Díaz

Suplentes

1º) José Manuel Rodríguez Seijo

2º) Ramón Yzquierdo Perrín


3º) Xosé Lois Martínez Suárez

4º) Plácido Lizancos Mora

5º) Joaquín Fernández Madrid



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
de ARQUITECTURA, A CORUÑA

ALEGACIÓNS DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA AOS ACORDOS ADOPTADOS POLA CEPREA, NA SÚA SESIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2016.

Reunida a Comisión permanente da ETSAC, na que están representados todos os órganos e estamentos deste centro, acórdase remitir a CEPREA, para a súa consideración, as seguintes alegacións referidas aos acordos acadados na sesión de 22 de xuño de 2016.

1.- Consideracións previas.

As presentes alegacións fórmulanse sen que a CEPREA teña facilitado os datos obxectivos que sosteñen o análise realizado para a elaboración da proposta dos requisitos e criterios para contraer a estrutura dos centros e dos departamentos da UDC.

Na sesión da CEPREA do 22 de xuño de 2016, sinalouse que as observacións feitas ao acordo proposto tiñan que ser formuladas como alegacións, que serían revisadas e consideradas para axustar a proposta presentada á comisión. Por esta razón a representación da ETSA na comisión sumouse ao asentimento e, tamén por iso, nestas alegación recóllense, en parte, as preguntas e observación formuladas na citada sesión.

2.- Reconsideración sobre a estrutura mínima do equipo directivo de todos os centros.

Dado que é obrigatorio que o responsable de calidade do centro sexa membro do equipo directivo, e a dedicación esixida por esta responsabilidade imposibilita calquera outra tarefa, sería desexable que o número mínimo dos equipos constase de dirección, secretaría académica, responsable de calidade e una subdirección.

3.- Reconsideración do requisito do número mínimo de profesores para constituír un departamento.

Se sinala un mínimo de 35 profesores permanentes e a tempo completo para constituír un departamento na UDC. A Universidade de Santiago de Compostela, que abordou a contracción das súas estruturas académicas sen reducir o número de centros e si de departamentos, como é o caso da nosa universidade, fixou, no seu Claustro Universitario, en sesión de 26 de xuño de 2015, en 20 o número de profesores necesarios para formar un departamento. Entendemos que unha diferenza tan significativa entre dúas universidades pertencentes ao SUG e que

abordan un mesmo proceso non é razoable e que, polo tanto, deben coincidir os requisitos, xa que presuponse son o resultado dun análise racional semellante.

4.- Reconsideración do requisito de carácter de “vinculación permanente” do profesorado computable para constituír un departamento.

Nunha situación, alongada no tempo, na que por razóns meramente económicas e non académicas, as nosas carreiras están detidas pola escaseo de prazas, especialmente as de vinculación permanente, é de xustiza contabilizar no número de profesores necesarios para formar un departamento a aqueles compañeiros, como os axudantes doutores, con contratos a tempo completo e que non acadaron, polas razóns expostas, a condición de vinculación permanente.

5. Supresión do requisito que sinala que: “Cada UADI ou UXAI contará, como mínimo, cun departamento.

Sinalar unha unidade administrativa, deseñada para atender a varios departamentos, como referencia que garante a existencia dun departamento resulta inadecuado e academicamente insostible.

Por todo o exposto, **SOLICÍTASE**, a consideración destas alegacións e a súa inclusión na proposta que a Comisión para a Elaboración do Plan de Racionalización de Estruturas Académicas, eleve á Xunta de Goberno da UDC para o seu debate e votación.

A Coruña, 13 de xullo de 2016

O Director da ETS de Arquitectura

Fernando Agrasar Quiroga



SR. SECRETARIO XERAL DA UDC